Foro económico de Galicia

PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA

ANO 2018

José Francisco Armesto Pina
Fernando González Laxe
Santiago Lago Peñas
Patricio Sánchez Fernández

www.foroeconomicodegalicia.es

PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA

Equipo de traballo

José Francisco Armesto Pina
Fernando González Laxe
Santiago Lago Peñas
Patricio Sánchez Fernández

Contacto

Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo
Universidade de Vigo
Campus Universitario
32004 OURENSE
Email: info@foroeconomicodegalicia.es
Tfno: 988 368 759 - Fax: 988 368 923

ÍNDICE

RESUMO EXECUTIVO

1. PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA.
2. ANÁLISE DOS CADROS DE PREVISIÓNS
   2.1.- Última previsión realizada no ano t-1 para o ano
   2.2.- Revisións das previsións no ano en curso
3. PREVISIÓN DE CONSENSO DO FORO ECONÓMICO DE GALICIA
   3.1.- Primeira etapa: a predición de consenso
   3.2.- Segunda etapa: establecemento dunha banda de confianza
4. REFERENCIAS
   4.1- BIBLIOGRAFÍA
   4.2- PÁXINAS WEB
5. ANEXOS
   5.1- Institucións que publican previsións de crecemento futuro da economía galega e data de presentación.
   5.2- Últimas previsións de crecemento do PIB

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

Resumo executivo

O obxectivo do Foro Económico de Galicia coa elaboración deste informe é triple. Primeiro, ordenar e presentar todas a previsións dispoñibles para o PIB de Galicia en 2018. Segundo, avaliar e informar da capacidade preditiva das diferentes institucións públicas e privadas para o período 2015 a 2017. Terceiro, ofrecer unha previsión baseada na combinación das diferentes cifras dispoñibles para 2018 utilizando para isto diferente información (cuantitativa e cualitativa) ao seu alcance.

As institucións que máis se teñen aproximado nos dous últimos anos nas súas previsións ex-ante son o Instituto Galego de Estatística (IGE) e Funcas, amosando esta última institución un lixeiro nesgo á alza.

A previsión do Foro Económico de Galicia para 2018 parte da combinación das cifras que ofrecen IGE, Funcas, BBVA Research e Hispalink tendo en conta a súa capacidade predictiva demostrada nos últimos tres anos, dando máis ponderación a quen atinou máis no pasado. Como resultado, obtense unha media ponderada de crecemento do PIB de Galicia para 2018 que é de 2,6%. A partires desta cifra, a equipa de conxuntura do Foro produce a PREVISIÓN CONSENSO FORO ECONÓMICO DE GALICIA. Unha previsión de consenso que ten en conta o resultado dunha enquisa aos membros natos do Foro e a información que proporciona o Indicador Abanca ata abril de 2018. Para 2018 a previsión de consenso que manexa o Foro é do 2,9%.

I- PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA.

O Produto Interior Bruto (PIB) constitúe o principal indicador macroeconómico para medir a riqueza xerada nun territorio. Tamén coñecido como renda nacional, abrangue a produción total de bens e servizos do devandito territorio durante un determinado período de tempo, expresada en termos monetarios.

Dende a súa creación por Simon Kuznets nos anos trinta, ten servido para medir o éxito ou fracaso económico dos países. Isto é así, pese ás limitacións meteodolóxicas inherentes polas dificultades empíricas de comparar niveis de renda a escala interterritorial.

En todo caso, non existe hoxe, un indicador alternativo tan amplamente estendido e aceptado. Máis aínda, os esforzos recentes van na procura de medidas que permitan complementalo e non substituílo, como fai a Unión Europea co Índice de Progreso Social ou as Nacións Unidas co Índice de Desenvolvemento Social .

As previsións económicas sobre a evolución do PIB dun territorio adquiren un papel cada vez máis importante nas decisións futuras das empresas. De aí a necesidade de contar con previsións o máis certeiras posibles. O número de institucións, tanto públicas como privadas, que estiman a evolución do crecemento do PIB a nivel autonómico é inferior que a nivel do conxunto do Estado.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, a Figura 1 amosa que, ao longo dos últimos anos son seis as institucións que publican periodicamente as súas previsións de crecemento da economía galega. En concreto:

- Instituto Galego de Estatística (IGE),
- Fundación de las Cajas de Ahorros (Funcas),
- Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIReF)
- BBVA
- Hispalink
- Centro de Predicción Económica (Ceprede)

As tres primeiras (IGE, Funcas e AIReF) realizan análises de previsión da evolución da economía galega (ex-ante) dende o ano 2015 e Creprede dende 2014. BBVA e Hispalink xa o facían con anterioridade, remontándose ao ano 2011 para o primeiro e á década dos noventa para o segundo. Atendendo á referencia temporal, é importante ter en conta que IGE, Funcas, BBVA Research e Hispalink fan predicións para o conxunto do ano, mentres que as estimacións da AIReF e Ceprede son para cada trimestre e mes, respectivamente. Hoxe desaparecidas, cómpre sinalar tamén como fontes o "Informe de conxuntura da economía galega" elaborado polo Centro de Investigación Económica y Financiera (CIEF-Fundación Caixagalicia) entre os anos 1995 e 2009, e a "Síntesis Económica de Galicia", publicada polo Instituto de Estudios Económicos de Galicia (Fundación Pedro Barrié de la Maza) entre 2004 e 2012.

1- Para un maior afondamento poden consultarse as seguintes referencias: Kubiszewski et al. (2013) e Sánchez e Prada (2015)

O Instituto Galego de Estatística comezou a difusión das súas predicións de crecemento da economía galega en xullo de 2015, presentando as taxas de crecemento cun horizonte bienal. Como se reflicte na Figura 2, dende entón presentou dúas previsións macroeconómicas cada ano: en xullo e outubro de 2015, setembro e decembro en 2016 e agosto e outubro de 2017. Cómpre destacar que as últimas previsións de cada ano son as que están recollidas no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano seguinte.

No que atinxe á súa metodoloxía, baséase nun modelo de estimación de agregados macroeconómicos a curto prazo, nun marco coherente cos escenarios propostos para as economías española e internacional[2].

A medida que publica novas predicións de crecemento, corríxense as anteriores tendo en conta os novos datos. Se se consideran as taxas de crecemento previstas para o ano 2017, o IGE fai unha corrección á alza de oito décimas entre as previsións presentadas en setembro de 2016 e as de outubro de 2017, cando nas estimacións correspondentes ao ano 2016 á corrección á alza fora de sete décimas.

As previsión do PIB para as CC.AA. de Funcas están baseada nos "Indicadores Sintéticos de Actividad" elaborados pola citada institución e que constitúen un índice composto dun conxunto amplo de variables económicas de cada Comunidade. Estes indicadores son escollidos por Funcas entre aqueles que mellor reflicten a evolución do PIB de cada comunidade[3]. Posteriormente, son desestacionalizados e suavizados para así obter o ciclo-tendencia a partir do cal se calculan as taxas intermensuais que constitúen a base para a obtención do indicador sintético tipificado.

Tamén se dispón de previsións a escala autonómica dende o ano 2015, cando no mes de xuño se proporcionaron unha previsión de crecemento da economía galega para ese mesmo ano e para o 2016. Con posterioridade, en febreiro e outubro de 2016, e en marzo e novembro de 2017, como se recolle na Figura 2, proseguiuse a tarefa de incrementar o nú¬mero de previsións de evolución do PIB. Cando se comparan as predicións para o ano 2017 publicadas en outubro de 2016 e novembro de 2017, o diferencial existente é de oito décimas. As predicións para o ano 2016, publicadas en xuño de 2015 e outubro de 2016 reflicten que non existe diferencial ningún entre ambas as dúas taxas de crecemento, se ben é notable a corrección que se fixo no mes de febreiro, cun diferencial á baixa de sete décimas en relación ás publicadas xuño.

A Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal publica previsións do PIB a escala autonómica (METCAP), se ben neste caso son feitas con carácter trimestral fronte ao que acontece co resto de previsións. A publicación das mesmas realízanse unha vez que o Instituto Nacional de Estadística (INE) ten publicado o dato de avance do PIB para a economía española.

Coa publicación das previsións de cada

2- Dispoñible en: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/publicaciones/documentos_tecnicos_03.pdf

3- Nótese que estes indicadores non son os mesmos para cada Comunidade e, polo tanto, non o é o indicador sintético da mesma.

trimestre, a AIReF fai unha corrección dos cálculos dos trimestres anteriores. No que aos datos do 2017 se refire, as previsións publicáronse nos meses de maio, xullo e novembro, en tanto que no mes de xaneiro de 2018 presentarase a previsión do cuarto trimestre.

Metodoloxicamente, a AIReF[4] combina tres tipos de información estatística: os datos mensuais de indicadores de conxuntura desagregados a territorialmente, os datos anuais compilados en termos de contabilidade nacional pola Contabilidade Rexional de España e, finalmente, as previsións para o conxunto nacional publicadas pola Contabilidade Nacional Trimestral. Para a integración destas fontes de información, a AIReF deseñou un proceso econométrico en tres etapas.

Asemade, esta institución publica con carácter anual uns informes sobre as previsións macroeconómicas recollidas nos diferentes proxectos de orzamentos das CC.AA. Nos catro informes presentados ata o momento, nos meses de decembro de 2014 e 2015, e xaneiro de 2017 e 2018, recolle uns limites superiores e inferiores tanto no concernente á previsión de crecemento do PIB real como do emprego. Nestes informes incorpórase ao final un anexo metodolóxico onde se especifica a información utilizada no se modelo predición, así como que para a integración das fonte estatísticas empregadas deseñou un procedemento en tres etapas.

O servizo de estudos BBVA Research, conta con previsións sobre o crecemento do PIB de Galicia para o último lustro, como se observa na **Figura 2.** Ao igual que acontecía coa información de Funcas, a súa web só presenta os principais resultados sen facer especificación detallada da metodoloxía empregada.

Ao longo do ano 2017 esta institución presentou no seu *"Observatorio regional España"* as súas previsións de crecemento para economía galega nos meses de febreiro, maio, xullo e novembro. A diferenza do que acontecía no caso das previsións do IGE, Hispalink ou Funcas, as do BBVA presentan unha maior homoxeneidade considerando que entre as estimacións de marzo de 2016 e febreiro de 2018 hai un diferencial de catro décimas. As estimacións para o ano anterior reflectían que tan só había tres décimas de diferenza entre as previsións de maio de 2015 e febreiro de 2017 (unha se se compara con novembro de 2016).

Pola súa banda, Hispalink presenta unha análise do PIB e dos seus compoñentes da oferta cun horizonte temporal de tres anos, para o ano en curso e os dous seguintes. Con carácter xeral os estudos da rede Hispalink publican previsións con periodicidade semestral (agás no 2015 cando presentou tres previsións) para todas as Comunidades Autónomas españolas.

A diferenza do acontecido no caso do

4- Nomeadamente, O primeiro paso consiste en realizar un axuste estacional e de calendario dos indicadores a través de representacións ARIMA univariantes que se fusionan nun índice sintético. Seguidamente dito índice é integrado coa información da Contabilidade Rexional para obter series de tempo consistentes anualmente. Para finalizar, se procura a coherencia transversal entre as previsións sen perder a consistencia temporal da etapa anterior mediante o emprego de técnicas de desagregación temporal multivariante. Máis información pode atoparse en : http://www. airef.es/system/assets/archives/000/000/649/original/NOTA_EXPLICATIVA_sobre_modelo_de_CCAA__01062015. pdf?1433144876.

IGE, a metodoloxía empregada no seu modelo econométrico non está accesible directamente a través da súa web. Tan só indica que o conxunto de predicións rexionais están coordinadas a través dun modelo de congruencia.

No que se refire ás previsións para o ano 2017, o diferencial existente entre a primeira previsión en febreiro de 2015 e a publicada en decembro de 2017 é de nove décimas (non existe corrección se se comparan as estimacións publicadas en xullo de 2016 e decembro de 2017, por ser as máis próximas ás datas de publicación da previsións do IGE).

Finalmente, a Asociación Centro de Predicción Económica (CEPREDE) elabora previsións mensuais de crecemento do PIB rexional para todas as comunidades a través dun método de estimación propio que incorpora un conxunto de 15 variables económicas que se aplican de xeito conxunto á totalidade do Estado encol da consecución de congruencia e harmonización nacional e tamén a escala europea.

Figura 1: Institucións que ofrecen previsións de crecemento da economía galega



Fonte: Elaboración propia.

Figura 2: Datas de presentación das previsións de crecemento da economía galega[5]

	2014	2015	2016	2017
IGE		Xullo Outubro	Setembro Decembro	Agosto Outubro
funcas		Xuño Outubro	Febreiro Outubro	Marzo Novembro
BBVA Research	Marzo Outubro	Maio Novembro	Marzo Setembro Novembro	Febreiro Marzo Maio Xullo Novembro
HISPALINK	Xaneiro Xullo	Febreiro Xullo	Xullo Decembro	Xullo Decembro
AIReF		Xuño Xullo Novembro	Febreiro Maio Agosto Outubro	Febreiro Maio Xullo Novembro

Fonte: Elaboración propia.

5- Para un maior detalle pode consultarse a información recollida nos cadros 3 e 4 dos anexos

2- ANÁLISE DOS CADROS DE PREVISIÓNS

Unha vez presentadas as metodoloxías empregadas polas distintas institucións e as datas de publicación das súas previsións de crecemento do PIB real galego, procede describir as súas estacións e a comparación tanto coa media simple como cos datos publicados nas Contas Económicas do IGE e na Contabilidad Regional do INE.

Como punto de partida, é necesario salientar a dualidade das dúas institucións públicas de estatística mencionadas. Os datos do IGE e o INE amosan un perfil similar ao longo da serie considerada, se ben a intensidade da expansión ou contracción da economía galega é desigual.

Como se aprecia no gráfico seguinte, os diferenciais máis acusados entre os datos publicados polos devanditos organismos rexístranse nos anos 2013 e 2015 cun diferencial de 1,2 puntos e 1,8 puntos, respectivamente, seguido do ano 2011, con oito décimas.

Dunha banda, en 2011 e 2013 a contracción da actividade produtiva galega estimada polo INE é moi superior á reflectida polo IGE. Doutra banda, no ano 2015 o crecemento do PIB galego estimado polo INE está case dous por riba do presentado polo Instituto Galego de Estatística.

Cadro 1: Evolución do PIB real de Galicia

	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
IGE	2,7%	3,0%	3,7%	5,1%	4,9%	1,5%	-3,6%	0,2%	-1,3%	-3,2%	-0,4%	1,3%	2,4%	3,1%	3,1%
INE	3,0%	3,7%	3,8%	4,5%	4,3%	2,1%	-3,6%	0,3%	-2,1%	-2,8%	-1,6%	0,6%	4,2%	3,6%	3,1%
Dif.	-0,3%	-0,7%	-0,1%	0,6%	0,6%	-0,6%	0,0%	-0,1%	0,8%	-0,4%	1,2%	0,7%	-1,8%	-0,5%	0,0%

(1) Consulta o 26 de marzo de 2018

Fonte: IGE e INE

Ante estas diferenzas o Foro Económico de Galicia non pode senón reiterar a necesidade dun meirande esforzo homoxeneizador que evite a incerteza á que se enfrontan os axentes económicos ante a diversidade de diagnoses. En todo caso e namentres esa homoxeneización non chega, o Foro decántase nos seus informes en xeral, e neste en particular, a prol dos datos do IGE, na medida na que as súas cifras axústanse claramente mellor a evolución mensual do Indicador ABANCA-Foro de Conxuntura Económica de Galicia. Xa que logo, as cifras estimadas polo IGE marcan a nosa referencia para a avaliación.

Gráfico 1.- Evolución do PIB real de Galicia



(1) Consulta o 26 de marzo de 2018
Fonte: IGE e INE

2.1.- Última previsión realizada no ano t-1 para o ano t

Cando se consideran as últimas previsións que se realizan no ano 2016 para o ano 2017 (no caso do AIReF considérase a publicación do informe de xaneiro de 2017), os datos recollidos no Cadro 5 reflicten un crecemento medio do 2,5%, porcentaxe seis décimas inferior ao crecemento real do PIB recollido nas Contas económicas de Galicia publicadas polo IGE. Este diferencial é o máis acusado dos tres anos considerados, situándose en tres décimas no ano 2015 e en catro en 2016.

AIReF, no seu informe sobre as estimacións macroeconómicas recollidas nos orzamentos da Xunta de Galicia de cada ano, é a institución que presenta as previsións máis optimistas, cunha medra do 3,6%, sendo a única que estimou un crecemento superior ao reflectido finalmente nas Contas económicas. En relación ás estimacións dos anos anteriores, cómpre resaltar que en 2017 sitúase en cinco décimas fronte ás oito décimas por baixo en 2015 e 2016.

Pola contra, Hispalink mantense como a institución coas previsións máis prudentes, estimando unha medra de 1,7%, 1,4 puntos menos do que indica o avance presentado polo Instituto Galego de Estatística. A diferencia do que acontecía coas estimacións de AIReF, o diferencial deste ano é o máis elevado dos tres anos considerados, situándose en oito décimas en 2015 e nun punto en 2016.

Ao igual que acontece coas estimacións de Hispalink, as presentadas polo IGE e o BBVA experimentan cada ano un incremento do diferencial respecto ao crecemento real da economía galega en cada anos. En concreto, o IGE consideraba un crecemento de 2,4% para o ano 2017,

sete décimas menos do que aconteceu, cando nos anos anteriores as estimacións presentaban un nesgo á baixa de catro e seis décimas. Doutra banda, o BBVA situou a medra do PIB no 2,1%, un punto porcentual menos que o reflectido nas Contas, sendo o nesgo á baixa nos anos 2015 e 2016 de dúas e tres décimas, respectivamente.

No último ano as previsións de Funcas foron as que presentaron unha menor desviación ao estimar un crecemento para o ano 2017 de 2,5%. A diferenza do acontecido neste ano, as súas previsións para 2015 e 2016 presentaron un nesgo á alza de sete décimas, sendo nestes dous anos a institución coas previsións máis optimistas.

Figura 3: Previsións do PIB realizadas para o ano 2015



Figura 4: Previsións do PIB realizadas para o ano 2016



(1) A primeira estimación que publica o IGE é de xullo de 2015, e reflicte para ese ano unha medra do 2%.

(2) A primeira estimación realizada por Funcas publicouse en xuño de 2015, na que se reflicte para ese ano unha medra do 3,1%.

(3) Información recollida nos informes de previsións macroeconómicas dos orzamentos das CC.AA. Cóllese o valor central.

Figura 5: Previsións do PIB realizadas para o ano 2017



2.2. Revisións das previsións no ano en curso

A información máis relevante para o presente informe é a que se desenvolve no apartado anterior. Porén, pode ser útil e informativo recoller tamén o referido ás revisións que os distintos organismos realizan nas súas previsións. En particular, vamos referirnos ás últimas previsións de crecemento realizadas no ano t para ese mesmo ano (t).

Centrándose na información referida ao ano 2017, a media simple das previsións de peche de exercicio presentadas entre outubro e decembro dese mesmo ano foi de 2,8%, tres décimas por baixo do resultado finalmente estimado polo Instituto Galego de Estatística nas súas Contas económicas trimestrais, que foi do 3,1% (avance). Nos dous anos anteriores, a media coincide co dato provisional de 2015 e o avance de 2016.

Ao igual que no ano anterior, as previsións do IGE foron as únicas que reflectiron un crecemento similar ao avance de 2017, cun 3,1%. Ao igual que acontecía no ano 2015, as estimacións realizadas por Funcas para o ano 2017 foron as máis optimistas de todas, considerando un crecemento de 3,3%, dúas décimas por riba do crecemento real da economía.

AIReF, nas súas previsións trimestrais,

e BBVA presentan unha estimación de 2,8% para o ano 2017, o que supón un diferencial de tres décimas con respecto ao crecemento real sinalado nas Contas económicas. A principal diferenza respecto ás estimación realizadas para o ano anterior radica no diferente nesgo que presenta a estimación de AIReF, xa que en 2016 presentaba un nesgo de catro décimas á alza.

Unha vez máis as previsións de crecemento máis modestas corresponden a Hispalink, que no seu informe de decembro indica un crecemento do PIB galego de 2,7%, catro décimas por baixo do PIB real de 2017. Cómpre resaltar que en comparacións coas estimacións dos dous anos anteriores este é o menor diferencial respecto ao crecemento real (seis décimas en 2015 e cinco en 2016).

Finalmente, cómpre facer mención á análise que fai AIReF das estimacións de crecemento recollidas nos orzamentos da Xunta de Galicia. Segundo este informe, o crecemento do ano 2017 sería de 2,3% (valor medio dos límites inferior e superior), o que suporía un diferencial de oito décimas. Nos dous anos anteriores, este nesgo era á alza (unha décima en 2014 e catro en 2016).

Figura 6: Últimas previsións de crecemento do PIB realizadas para o ano 2015



(3) Valor que se corresponde ao valor medio dos límites superiores e inferiores calculados a partir das estimacións recollidas nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Figura 7: Últimas previsións de crecemento do PIB realizadas para o ano 2016



(3) Valor que se corresponde ao valor medio dos límites superiores e inferiores calculados a partir das estimacións recollidas nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Figura 8: Últimas previsións de crecemento do PIB realizadas para o ano 2017



(4)Valor que se corresponde ao valor medio dos límites superiores e inferiores calculados a partir das estimacións recollidas nos orzamentos da Xunta de Galicia.

3- PREVISIÓN DE CONSENSO DO FORO ECONÓMICO DE GALICIA

Para a súa previsión de consenso do PIB, o Foro Económico de Galicia opta por un procedemento en dúas etapas diferenciadas. En primeiro lugar, parte das diferentes previsións de PIB elaborados por organismos e institucións e que foron presentadas nos apartados precedentes e dos que se proporciona información desglosada nos anexos do Informe. Porén, na vez da media simple (información que tamén proporcionamos) calculamos unha media ponderada das diversas previsións dispoñibles, de xeito que as ponderacións reflicten os erros cometidos no pasado por cada unha das institucións. É dicir, dámoslle máis peso (e confianza) a aquelas institucións que teñen atinado máis no pasado recente. En definitiva, nesta primeira fase ofrecemos unha media ponderada pola capacidade predictiva demostrada no pasado.

En segundo lugar, e sobre esta estimación ponderada, a equipa de conxuntura determina a súa propia estimación baseada na información tanto cuantitiva como cualitativa ao seu dispor. Nomeadamente para esta tarefa combinamos os resultados dunha enquisa de opinión realizada aos membros natos do Foro Económico de Galicia e a extrapolación dos últimos datos dispoñibles do Indicador ABANCA-Foro de conxuntura económica de Galicia.

3.1.- Primeira etapa: a predición ponderada

Nesta primeira etapa, o que se pretende é unha integración das diferentes previsións, nunha única cifra a xeito de consenso. Na vez da media simple, a nosa previsión é unha media ponderada das diversas estimacións dispoñibles, de xeito que as ponderacións reflicten os erros cometidos no pasado por cada unha das institucións. É dicir, outorgamos máis peso ás institucións máis afinadas nas súas institucións.

Para a previsión do PIB do ano 2018, utilízanse as medias dos tres anos anteriores (2015, 2016 e 2017). Como foi sinalado previamente, son os períodos dos que se dispón información para as catro fontes que proporcionan información con periodicidade anual: IGE, Funcas, Hispalink e BBVA.

Formalmente, a expresión da Previsión ponderada é a seguinte:

O procedemento para a determinación

$$Previsión\ ponderada = \alpha \cdot IGE + \beta \cdot FUNCAS + \delta \cdot HISPALINK + \gamma \cdot BBVA$$
$$onde:\ \alpha+\beta+\delta+\gamma=1 \quad e \quad \alpha,\beta,\delta,\gamma \geq 0$$

6- Procedemento que é o seguido no caso da "Estimación de consenso de Funcas" integrada no seu "Panel de Previ¬siones de la Economía Española" disponible en: https://www.funcas.es/Indicadores/#

das ponderacións é o seguinte. En primeiro lugar, realízase unha comparación para cada ano das previsións ex-ante de cada institución co crecemento real observado. Esta diferenza proporciona unha cuantificación do grao de acerto da cada unha das previsións. Canto menor sexa o valor, maior será o grao de acerto. Por este motivo, é preciso traballar co valor inverso das diferenzas obtidas.

A continuación agréganse o total destas diferenzas para obter a porcentaxe que cada diferenza supón con respecto ao valor agregado para cada ano. Finalmente, para obter a ponderación do período calcúlase a media aritmética das ponderacións de cada ano, neste caso: 2015, 2016 e 2017.

Cadro 2: Previsión ponderada para 2018.

	Previsión 2018	Ponderación
IGE	2,5%	0,44
BBVA	2,6%	0,25
FUNCAS	3,0%	0,22
HISPALINK	2,6%	0,10
Previsión ponderada	**2,6%**	

3.2. Segunda etapa: estimación da previsión de crecemento do Foro

A segunda etapa toma como referencia a estimación ponderada calculada para, a partir de ela, incorporar outra información relevante a xuízo do equipo de conxuntura do Foro Económico de Galicia.

Neste senso, pártese da extrapolación dos últimos datos dispoñibles do Indicador ABANCA-Foro de conxuntura económica de Galicia que se ven elaborando mensualmente dende o ano 2015[7].

Complementariamente elaborouse unha enquisa para todos os membros natos do Foro no que, a través dun cuestionario, inquiríase a súa opinión sobre a previsión de crecemento da economía galega tomando como referencia a súa comparación co ano pasado, así como a evolución da economía española. O número total de enquisas realizadas foi de 48[8].

Os resultados desta enquisa arroxan os seguintes resultados (Figuras 9 e 10): Menos da terceira parte dos enquisados (un 28%) opinan que o crecemento do PIB galego será inferior ao do ano pasado, mentres que os que pensan que será superior case alcanza o 40% (un 39%).

En canto á comparación co crecemento previsto para a economía española, os resultados son aínda máis positivos: menos do 15% dos membros do Foro Económico (un 14%) pensan que Galicia crecerá por baixo da media española. No senso contrario, case catro de cada dez enquisados pensan que medrará por riba.

A seguinte decisión leva de seu a incorporación doutra información xa coñecida no que vai de ano, así como o propio comportamento do Indicador ABANCA-Foro de conxuntura[9] que está a reflectir un comportamento estable e sólido da economía galega como se pode comprobar na figura 11.

7- Últimos datos dispoñibles poden atoparse en: http://foroeconomicodegalicia.es/indicador-foro-de-conxuntura/

8- Intencionadamente non realizaron a enquisa os membros do Foro responsables do presente Informe.

9-Máis información deste indicador pode atoparse en González Laxe et al, (2015) e no seguinte enlace: http://foroeco¬nomicodegalicia.es/indicador-foro-de-conxuntura/

Figura 9. Previsión de crecemento para 2018 con respecto a 2017. Opinión do Foro Económico de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa elaborada

Figura 10. Previsión de crecemento para 2018 con respecto a España. Opinión do Foro Económico de Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa elaborada

Figura 11. Evolución temporal do Indicador Abanca-Foro Economico de conxuntura económica de Galicia



Fonte: Foro Económico de Galicia.

Ao abeiro dos datos anteriores, conclúese a necesidade no apartado precedente. En concreto, a PREVISIÓN DE CONSENSO DO FORO ECONÓMICO DE GALICIA para o crecemento do PIB Galicia en 2018 é do **2,9%**.

Cadro 3: previsión 2018

Previsión de consenso do Foro Económico De Galicia	**2,9%**

10. Empregando como ponderacións as mesmas que para a elaboración da previsión de consenso que aparecen recollidas no Cadro 2

4- REFERENCIAS

4.1 BIBLIOGRAFÍA

González Laxe, F.; Armesto Pina, J.F.; Lago Peñas, S; Sánchez Fernández, P. (2015): *Indicador Foro de Conxuntura Económica De Galicia. Nota Técnica.* Foro Económico de Galicia.

Kubiszewski, I., Costanza, R., Franco, C., Lawn, P., Talberth, J., Jackson, T.,; Aylmer, C. (2013). "Beyond GDP: Measuring and achieving global genuine progress". *Ecological Economics,* 93, 57-68.

Sánchez, P. Prada, A. (2015): "Del concepto de crecimiento económico al de desarrollo de las naciones: una aplicación a la Unión Europea". *Revista de Economía Mundial*, nº 40, pp. 221-252.

4.2. PÁXINAS WEB

AIReF: http://www.airef.es/

BBVA Research: https://www.bbvaresearch.com/

Ceprede: http://www.ceprede.es/

Foro Económico de Galicia: http://foroeconomicodegalicia.es/

Funcas: http://www.funcas.es/

Hispalink Galicia: http://www.hispalink.es/galicia/

Instituto Galego de Estatística: https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl

Instituto Nacional de Estadística: http://ine.es/

5- ANEXOS

5.1- Institucións que publican previsións de crecemento futuro da economía galega e data de presentación.

Cadro 4: Previsións de crecemento do PIB para os anos 2014-2018

	2014	2015	2016	2017	2018
IGE		Xullo 2015 (2,0%) Outubro 2015 (2,0%)	Xullo 2015 (2,4%) Outubro 2015 (2,5%) Setembro 2016 (3,0%) Decembro 2016 (3,1%)	Setembro 2016 (2,3%) Decembro 2016 (2,4%) Agosto 2017 (3,1%) Outubro 2017 (3,1%)	Agosto 2017 (2,7%) Outubro 2017 (2,5%)
BBVA	Marzo 2013 (1,2%) Marzo 2014 (1,5%) Outubro 2014 (1,2%)	Marzo 2014 (2,6%) Outubro 2014 (2,2%) Maio 2015 (2,4%) Novembro 2015 (2,2%)	Maio 2015 (2,7%) Novembro 2015 (2,8%) Marzo 2016 (2,7%) Setembro 2016 (2,7%) Novembro 2016 (2,8%) Febreiro 2017 (3,0%)	Marzo 2016 (2,4%) Setembro 2016 (2,0%) Novembro 2016 (2,1%) Febreiro 2017 (2,8%) Marzo 2017 (2,8%) Maio 2017 (2,9%) Xullo 2017 (3,1%) Novembro 2017 (2,8%) Febreiro 2018 (2,8%)	Febreiro 2017 (2,9%) Marzo 2017 (2,9%) Maio 2017 (2,7%) Xullo 2017 (2,7%) Novembro 2017 (2,6%) Febreiro 2018 (2,6%)
Funcas		Xullo 2015 (3,1%) Outubro 2015 (3,5%) Febreiro 2016 (3,1%)	Xullo 2015 (3,2%) Outubro 2015 (3,8%) Febreiro 2016 (2,5%) Outubro 2016 (3,2%)	Outubro 2016 (2,5%) Marzo 2017 (2,9%) Novembro 2017 (3,3%)	Marzo 2017 Novembro 2017 (3,0%)
Hispalink		Xullo 2013 (1,0%) Xaneiro 2014 (1,0%) Xullo 2014 (0,7%) Febreiro 2015 (0,5%)	Xullo 2013 (1,9%) Xaneiro 2014 (1,9%) Xullo 2014 (1,6%) Febreiro 2015 (1,5%) Xullo 2015 (2,0%) Decembro 2015 (1,8%)	Febreiro 2015 (1,8%) Xullo 2015 (2,3%) Decembro 2015 (2,1%) Xullo 2016 (2,7%) Decembro 2016 (2,6%) Xullo 2017 (2,8%) Decembro 2017 (2,7%)	Xullo 2015 (2,5%) Decembro 2015 (1,7%) Xullo 2016 (2,0%) Decembro 2016 (1,7%) Xullo 2017 (2,8%) Decembro 2017 (2,6%)
AIReF		Xuño 2015 (1T 2,0%) Xullo 2015 (1T 1,9%; 2T 2,7%) Novembro 2015 (1T 1,9%; 2T 2,6%; 3T 2,9%) Febreiro 2016 (1T 1,8%; 2T 2,5%; 3T 2,8%; 4T 3,2%)	Maio 2016 (1T 3,6%) Agosto 2016 (1T 3,6%; 2T 3,5%) Outubro 2016 (1T 3,6%; 2T 3,6%; 3T 3,4%) Febreiro 2017 (1T 3,5%; 2T 3,4%; 3T 3,4%; 4T 3,4%)	Maio 2017 (1T 2,8%) Xullo 2017 (1T 2,9%; 2T 3,1%) Novembro 2017 (1T 2,9%; 2T 2,9%; 3T 2,5%) Xaneiro 2018 (1T 3,0%; 2T 3,2%; 3T 2,8%; 4T 2,8%)	

5.2- Últimas previsións de crecemento do PIB

Cadro 5: Últimas previsións de crecemento do PIB realizadas no ano t para o propio ano t

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
IGE					2,0% (xullo 2015)	3,1% (decembro 2016)	3,1% (outubro 2017)
BBVA	0,6% (decembro 2011)	-1,1% (xullo 2012)	-1,3% (novembro 2013)	1,2% (outubro 2014)	2,2% (novembro 2015)	2,8% (novembro 2016)	2,8% (novembro 2017)
FUNCAS					3,5% (outubro 2015)	3,2% (outubro 2016)	3,3% (novembro 2017)
HISPALINK (*)	0,3% (xullo 2011)		-0,5% (xullo 2013)	0,7% (xullo 2014)	1,8% (decembro 2015)	2,6% (decembro 2016)	2,7% (decembro 2017)
AIReF					2,7% (1)	3,5% (1)	2,8% (1)
AIReF (3)				0,8% (decembro 2014)	2,5% (decembro 2015)	3,5% (xaneiro 2017)	2,3% (xaneiro 2018)
MEDIA SIMPLE				0,9%	2,4%	3,1%	2,8%
CRECEMENTO REAL IGE	-1,3%	-3,2%	-0,4%	1,3%	2,4%	3,1%	3,1%
CRECEMENTO REAL INE	-2,1%	-2,8%	-1,6%	0,6%	4,2%	3,6%	3,1%

Cadro 6: Últimas previsións de crecemento do PIB realizadas no ano t-1 para o ano t

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
IGE (1)					2,0% (xullo 2015)	2,6% (outubro 2015)	2,4% (decembro 2016)
BBVA	0,6% (decembro 2011)	1,0% (decembro 2011)	0,7% (xullo 2012)	1,2% (marzo 2013)	2,2% (outubro 2014)	2,8% (novembro 2015)	2,1% (novembro 2016)
FUNCAS (2)					3,1% (xuño 2015)	3,8% (outubro 2015)	2,5% (outubro 2016)
HISPALINK	0,3% (xuño 2011)	0,9% (xuño 2011)	-0,5% (xullo 2013)	1,0% (xullo 2013)	1,6% (xullo 2014)	2,1% (decembro 2015)	1,7% (decembro 2016)
AIReF (3)					1,6% (decembro 2014)	2,3% (decembro 2015)	3,6% (xaneiro 2017)
Media simple					2,1%	2,7%	2,5%
CRECEMENTO REAL IGE	-1,3%	-3,2%	-0,4%	1,1%	2,1%	3,1%	3,1%
CRECIMIENTO REAL INE	-2,1%	-2,8%	-1,6%	0,7%	3,2%	3,4%	3,1%

(1) A primeira estimación que publica o IGE é de xullo de 2015, e nesa publicación reflicte para 2015 unha medra do 2,0% e de 2,4% para 2016
(2) A primeira estimación realizada por Funcas publicouse en xuño 2015, na que se reflicte unha medra do % para o ano 2015.

SOCIOS

ABANCA

ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR

Casal de Armán

civisglobal
construimos entorno

COREN

CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

gasNatural fenosa

Cuidamos personas en buena compañía
geriatros - SARquavitae

HIJOS DE RIVERA, S.L. CORPORACIÓN

Hierros AÑÓN, S.A.

INVERAVANTE

JEALSA

MAPFRE

Grupo Maviva

Grupo Nogar

PÉREZ RUMBAO

ReVi

Rodiñas

Rodman

ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

Grupo de investigación GEN
Universidade Vigo

Foro económico de Galicia

PREVISIÓNS DE CRECEMENTO PARA A ECONOMÍA GALEGA

Exercicio 2018

José Francisco Armesto Pina
Fernando González Laxe
Santiago Lago Peñas
Patricio Sánchez Fernández

www.foroeconomicodegalicia.es